

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE NOVEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na AC-116. Treito: Río do Pozo – AC-114. p.q. 4 + 120 – 6 + 500, de clave: AC/16/061.06, no concello de Narón.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo documento: "Reformado núm. 2 do acondicionamento da AC-406 Portomouro - Santa Comba. Treito: parque empresarial de Santa Comba - Abuín, de clave: AC/08/064.01.1, no concello de Santa Comba.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2017.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2018 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, por un importe de tres millóns setecentos mil euros (3.700.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do servizo de orientación xurídica, por importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, do servizo premium de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital no marco do proxecto Abalar-Edixgal (expediente: AMT-2018-0010), por importe de dous millóns douscentos sesenta e dous mil euros (2.262.000,00€), e un valor estimado de cinco millóns seiscentos oito mil douscentos sesenta e catro euros con corenta e sete céntimos (5.608.264,47€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de ampliación das instalacións de Jealsa Rianxeira, S.A. en Bodión, Boiro, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co previsto nos artigos 62, 63 e 67 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados e á conta, para incrementar as porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento, e o importe

conxunto de pagamentos á conta e anticipados, destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por un importe total de trescentos setenta e oito mil setecentos noventa euros (378.790,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500,00€), e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por un importe total de cento cincuenta e dous mil euros (152.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Salvaterra de Miño para a realización de obras na casa da cultura e da música, por un importe total de cento oito mil euros (108.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación do outorgamento do cambio de titularidade a favor do Servizo Galego de Saúde da concesión administrativa que o Concello de Cariño ten sobre a parcela na que está situado o centro de saúde de Cariño (A Coruña).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de San Cibrao das Viñas, a título gratuíto, polo Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde.

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Carnota, a título gratuito, polo Concello de Carnota (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro.
- Informe sobre o Proxecto da Orde pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe de avance Estratexia de educación dixital innovadora 2020 - Proxecto Abalar.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre a situación da seca. Actuacións e medidas.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a posta en marcha de novos programas integrados de emprego.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe relativo á resolución das subvencións ás entidades de iniciativa social de Galicia para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para os anos 2017 e 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo.

A XUNTA AUMENTA UN 10% A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO NA ADMINISTRACIÓN XERAL, A CAL PERMITIRÁ CONVOCAR 789 PRAZAS

- *A Xunta esgota ao máximo un ano máis os límites fixados pola Administración do Estado a través das taxas de reposición*
- *Os servizos sociais contarán con 180 prazas nas áreas de enfermaría, educadores, traballo social, terapia ocupacional e auxiliares de clínica*
- *Outras 105 prazas céntranse no servizo de prevención e extinción de incendios*
- *A oferta tamén inclúe 32 prazas para a área de seguridade e saúde no traballo*
- *Do total, 639 prazas serán de acceso libre e a elas poderá opositar calquera persoa*
- *150 prazas correspóndense coa promoción interna, o que permitirá aos empregados públicos ascender a postos de traballo de maior categoría e salario*
- *68 prazas resérvanse para persoas con discapacidade, con 18 exclusivamente para a discapacidade intelectual*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) de 2017 no eido da Administración xeral, que permitirá a convocatoria de 789 prazas, o que supón incrementar nun 10% as prazas ofertadas no ano anterior (714). Ademais, é a oferta de emprego público máis elevada dende o ano 2008.

A OEP de 2017 esgota un ano máis os límites fixados polo Estado a través das taxas de reposición de efectivos públicos, e estará centrada en dúas grandes áreas, os servizos sociais e o servizo de prevención e extinción de incendios, aínda que tamén inclúe prazas nos corpos xerais da Administración e noutros eidos prioritarios para a Xunta, como a seguridade e a saúde no traballo.

No eido dos servizos sociais a OEP incluírá 180 prazas, todas de acceso libre. A oferta de emprego permitirá aumentar a estabilidade laboral desta área e mellorar a prestación do servizo, a través de oposicións nas especialidades de enfermaría, educadores, traballo social, terapia ocupacional e na escala de auxiliares de clínica.

Ademais, a Administración galega inclúe outras 105 prazas de bombeiro forestal para o servizo de prevención e extinción de incendios, das cales 55 pertencen á especialidade de emisorista-vixilante fixo e outras 50 á especialidade de persoal condutor. Todas estas prazas son de acceso libre e non exixirán titulación específica.

Deste xeito, a Xunta dá cumprimento aos acordos asinados entre a Administración galega e as organizacións sindicais, que establecían a reserva dun mínimo do 20% das prazas para persoal funcionario incluídas nas ofertas de emprego para os servizos sociais, e outro 20% para reforzar os servizos de prevención e extinción de incendios.

Seguridade e saúde laboral

Ademais, a Xunta convocará 32 prazas de especialistas en seguridade e saúde no traballo, con prazas de especialistas en seguridade no traballo, en hixiene industrial, en ergonomía e psicosocioloxía aplicada e na escala técnica de saúde laboral. A oferta de 2017 tamén inclúe 76 prazas de persoal funcionario en corpos xerais da Administración: A1, A2, C2 e agrupación profesional de persoal subalterno.

En canto ao persoal laboral, a oferta de emprego público aprobada hoxe inclúe 213 prazas repartidas entre os cinco grupos que conforman a estrutura dos cadros de persoal laboral na Administración galega. En total, as prazas repártense entre 27 categorías distintas, todas elas son de acceso libre e forman parte do proceso de consolidación de persoal laboral establecido no convenio laboral vixente.

Promoción interna e discapacidade

A oferta de emprego público para 2017 tamén inclúe outras 150 prazas reservadas á promoción interna para persoal funcionario, o que permitirá aos empregados públicos ascender a un posto de maior categoría e salario sempre que reúnan os requisitos e superen o correspondente proceso selectivo.

Finalmente, no total de prazas incluídas na OEP figuran 68 prazas reservadas para persoas con discapacidade. Desta cantidade, 50 prazas resérvanse para persoas con discapacidade xeral e 18 para persoas con discapacidade intelectual.

(ADXÚNTASE ANEXO DE PRAZAS NA SEGUINTE PÁXINA)

PRAZAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ADM.XERAL 2017:

		Prazas
ACCESO LIBRE (639 prazas)	PERSOAL FUNCIONARIO:	
	Corpo superior (subgrupo a1)	8
	Corpo de xestión (subgrupo a2)	15
	Corpo auxiliar (subgrupo c2)	41
	Agrupación profesional de persoal subalterno	12
	Escala de técnicos facultativos de servizos sociais (enfermaría, educadores, traballo social e terapia ocupacional)	110
	Escala de auxiliares de clínica	70
	Bombeiros forestais: emisorista/vixilante fixo	55
	Bombeiros forestais: persoal condutor	50
	Escalas de seguridade no traballo e saúde laboral	32
	Escala de veterinarios	25
	Escala superior de estatística	5
	Enxeñería técnica de obras públicas	2
	Enxeñería de camiños, canais e portos	1
	TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	426
	PERSOAL LABORAL:	
	Grupo I (9 categorías)	119
	Grupo II (4 categorías)	37
	Grupo III (7 categorías)	29
	Grupo IV (6 categorías)	25
	Grupo V (1 categoría)	3
	TOTAL PERSOAL LABORAL	213
PROMOCIÓN INTERNA (150 prazas)	PERSOAL FUNCIONARIO:	
	Corpo superior (subgrupo a1)	10
	Corpo de xestión (subgrupo a2)	50
	Corpo administrativo (subgrupo c1)	70
	Corpo auxiliar (subgrupo c2)	20
	TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	150
	TOTAL OFERTA DE EMPREGO 2017	789

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA ENTRE O POLÍGONO DO RÍO DO POZO E A TRAVESÍA DO CRUCEIRO, EN NARÓN

- *Esta actuación suporá un investimento autonómico de máis de 800.000 euros*
- *Executaranse dous tramos de sendas no concello de Narón, o principal, pola marxe dereita da estrada AC-116, que permitirá completar un itinerario peonil continuo de máis de 2 quilómetros*
- *Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol no cal se prevé construír máis de 13 quilómetros de novas sendas, cun orzamento que supera os 4,1 M€*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha senda no concello de Narón, concretamente entre o acceso ao polígono do Río do Pozo e o final da travesía do Cruceiro.

En concreto, autorízase a expropiación dos 66 medios necesarios para a execución deste itinerario seguro e accesible para uso peonil e de ciclistas nas marxes da estrada autonómica AC-116 (Catabois-Valdoviño). Esta actuación suporá un investimento da Xunta de 800.000 euros, dos cales 80.600 se corresponden co pagamento das expropiacións.

O proxecto executarase en dous treitos: o principal, pola marxe dereita da estrada AC-116, que permitirá completar un itinerario peonil continuo entre os puntos quilométricos 4 + 120 (intersección da AC-116 coa estrada provincial DP-5408 ao polígono de Río do Pozo) e o 6 + 500, ao final da travesía do Cruceiro. Neste treito executaranse máis de 2,2 quilómetros de sendas, que requiren da expropiación de terreos.

Por outra banda, na travesía do Cruceiro conservarase a beirarrúa existente entre os p.q. 6 + 170 e 6 + 360, que será reparada onde se precise e limpada.

Así mesmo, construírse un ramal de 475 metros na AC-114, que comunica a AC-116 con Baltar, que se incluíu no proxecto tras a solicitude realizada polo Concello de Narón durante o proceso de información pública. Esta vía, frecuentada por peóns e ciclistas que acoden ao convento de Baltar e polos usuarios da rede de sendas e camiños da Costa Ártabra, conta con dominio público suficiente para a construción da senda sen necesidade de realizar expropiacións.

A senda terá, con carácter xeral, un ancho mínimo de 2 metros e contará con cuneta e cunha banda vexetal de separación da calzada de 0,5 metros, excepto nos tramos con edificacións.

As obras previstas comprenden, ademais, a execución dunha pequena pasarela para salvar o rego do Val (Pq 5+180 da AC-116), ademais da reposición e ordenación dos servizos afectados pola actuación.

A Axencia Galega de Infraestruturas está a ultimar a redacción doutro que permitirá continuar o itinerario para peóns e ciclistas na AC-116 dende a travesía de Cruceiro (p.q. 6+500) ata Lago (p.q. 12+360), punto final da estrada, no concello de Valdoviño, polo que coa execución dos dous proxectos existirá un itinerario peonil continuo de máis de 8,2 quilómetros nesta estrada autonómica, ao que se engaden os 0,48 quilómetros do ramal na AC-114.

Esta actuación forma parte do Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol no cal se prevé construír máis de 13 quilómetros de novas sendas, cun orzamento que supera os 4,1 M€.

Situación




O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A PRIMEIRA FASE DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA SANTA COMBA-PORTOMOURO, ENTRE ABUÍN E O PARQUE EMPRESARIAL

- *O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas as obras, que suporán un investimento de máis de 4,3 millóns de euros*
- *Este proxecto define un novo trazado alternativo ao da actual estrada que permitirá evitar o paso polo núcleo de Salgueiroas, funcionando como variante*
- *Tamén se prevé unha nova estrutura sobre o rego da Bouza, de aproximadamente 50 metros de lonxitude, dous pasos inferiores e proxéctanse camiños de servizo para canalizar os acceso*
- *A Xunta prevé iniciar proximamente a redacción do proxecto da segunda fase da actuación, entre Abuín e Failde*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola primeira fase das obras de acondicionamento da estrada AC-406, Portomouro-Santa Comba, que se desenvolverán entre o núcleo de Abuín e o parque empresarial de Santa Comba.

O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas estas obras, que suporán un investimento total por parte da Administración autonómica de 4,3 millóns de euros, dos cales algo máis de 375.000 se corresponden coas expropiacións. En total prevese afectar 67 predios no termo municipal de Santa Comba, e o levantamento de actas previas á ocupación dos terreos prevese para o primeiro semestre de 2018.

A actuación suporá unha importante mellora da seguridade viaria cun trazado alternativo ao da actual estrada que permitirá evitar o paso polo núcleo de Salgueiroas, actuando como variante. Así se evitarán os problemas do trazado actual, encaixado entre edificacións e con varias curvas de radio moi reducido e interseccións con escasa visibilidade.




O trazado desenvólvese entre os puntos quilométricos 25 + 680 e 27 + 740 e ten unha plataforma de 10 metros, con dous carrís de 3,5 m e beiravías de 1,5 m, á cal se sumarán bermas polas dúas marxes de 0,75 metros. Inclúense tamén dúas interseccións, unha ao final da travesía de Salgueiros con forma de semiglorieta na que se permitirán os cambios de sentido; e outra como unha glorieta no punto final da actuación, na que conflúen a nova traza coa AC-406 e o acceso ao parque empresarial de Santa Comba.

Así mesmo, prevese unha nova estrutura sobre o rego da Bouza, de aproximadamente 50 metros de lonxitude, dous pasos inferiores e proxéctanse camiños de servizo para canalizar os accesos existente.

O Goberno galego prevé contratar proximamente a redacción do proxecto da segunda fase, entre Abuín e Faílde.

A esta actuación hai que sumar outra infraestrutura estratéxica que hai en execución, como é a variante de Aradas, que suporá tamén unha mellora substancial para os veciños de Santa Comba nas súas comunicacións con Santiago, coas zonas industriais e mesmo na conexión co aeroporto.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE OFERTARÁ UN TOTAL DE 1.616 PRAZAS NO ANO 2017, DUPLICANDO A OFERTA DO ANO ANTERIOR

- *O 75% da oferta concéntrase en categorías de persoal sanitario*
- *Por primeira vez, convócanse prazas para as categorías de enfermaría especialista de familiar e comunitaria, de saúde mental, de traballo e de enfermaría pediátrica*

O Consello da Xunta aproba o Decreto da oferta pública de emprego (OPE) do Servizo Galego de Saúde cun total de 1.616 prazas no ano 2017. Esta nova oferta, que se suma ás aprobadas ininterrompidamente por este organismo desde o ano 2012, duplica o número de prazas da oferta de 2016, cunha cifra superior ao total das aprobadas nos anos 2012 a 2016.

A oferta, negociada no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade, foi aprobada polas organizacións sindicais CESM-O´MEGA, CC.OO, UGT, CSIF e SATSE. Representa o 100% da taxa ordinaria de reposición de efectivos e o 62% da taxa adicional para a estabilización de emprego temporal autorizada na lexislación básica orzamentaria para a súa inclusión nas ofertas de emprego público do período 2017-2019.

O sistema selectivo será o de concurso oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade. Está prevista a convocatoria de prazas das categorías de medicina de familia de atención primaria, enfermaría, técnico/a superior en documentación sanitaria, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, celador, enxeñeiro técnico e persoal da área administrativa. Ademais, por primeira vez, e coa finalidade de potenciar as especialidades de enfermaría, ofértanse un total de 36 prazas para as categorías de enfermaría especialista nas categorías de familiar e comunitaria, de saúde mental, de traballo e enfermaría pediátrica.

Esta oferta ten como obxectivo dar resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas polo Servizo Galego de Saúde, con especial atención aos ámbitos e categorías en que existe unha maior necesidade de estabilización de emprego temporal, co fin de acadar no ano 2020 o compromiso asinado coas organizacións sindicais, que sitúa a taxa de temporalidade na porcentaxe do 5%, tres puntos por debaixo da acordada a nivel estatal.

Do total de prazas reservaranse para o seu acceso por persoas con discapacidade 114, das cales 81 serán para discapacidade xeral e 33 para discapacidade intelectual, concentrándose estas últimas nas categorías de celador/a e técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría. Así mesmo, ata un 50% das prazas convocaranse para a súa provisión pola quenda de promoción interna.

Está prevista a convocatoria dos procesos selectivos da meirande parte das categorías obxecto desta oferta no primeiro trimestre do próximo ano, para a realización dos exercicios da fase de oposición a finais do 2018 ou comezos do 2019, en función do que resulte da necesaria coordinación cos restantes servizos de saúde.

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PERIÓDICAS PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CUN ORZAMENTO DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS

- *As axudas teñen coma finalidade proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor*
- *A contía media da axuda sitúase nos 600 euros mensuais, variando entre os 300 e os 800 euros en función do número de menores a cargo ou de se a solicitante ten algún tipo de discapacidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria para o ano 2018 das axudas de carácter periódico para mulleres que sofren violencia de xénero, tal e como establece a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. As axudas teñen o prazo de solicitude aberto durante todo o ano, e establece como potenciais beneficiarias tamén ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

A nosa comunidade conta con tres tipos de axudas económicas dirixidas ás mulleres vítimas da violencia de xénero, que son as axudas de pago periódico, axudas de pagamento único (nun só pagamento) e indemnizacións (fixadas por sentenza xudicial). Dende o ano 2009, beneficiáronse das axudas periódicas preto de 2.700 mulleres.

Estas axudas que o Goberno galego pon en marcha, un ano máis, teñen como finalidade proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, para axudalas a romper esa situación de violencia.

A contía media da axuda sitúase nos 600 euros mensuais, variando entre os 300 e os 800 euros en función do número de menores a cargo ou de se a solicitante ten algún tipo de discapacidade.

Beneficiarias

Poderán optar a estas axudas todas as mulleres maiores de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación.

Ter cesado a convivencia co agresor dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude, estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade

Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia, percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente.

A XUNTA COLABORA NO FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN PREVIOS Á ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA DOS COLEXIOS DE ABOGADOS

- ***A Administración autonómica destinará este ano un total de 180.000 euros a esta liña de colaboración co Consello da Avogacía Galega***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e o Consello da Avogacía Galega para o financiamento dos servizos de orientación xurídica que prestan os colexios de avogados a modo de asesoramento previo á asistencia xurídica gratuíta.

A Administración autonómica destinará este ano a este fin un total de 180.000 euros, que se distribuirán entre os sete colexios que se integran dentro do Consello da Avogacía Galega. O orzamento repartirase entre as distintas corporacións en función do número de expedientes de asistencia xurídica gratuíta, da facturación de cada un deles, e do número de colexiados.

Coa aprobación deste convenio, a Xunta segue apostando polo mantemento e mellora do servizo de asistencia xurídica gratuíta, como se demostra nos orzamentos para 2018, nos cales se consolida o incremento económico efectuado ao longo deste ano na xustiza gratuíta, que foi de 1 millón de euros, ao cal se engadirán outros 200.000 euros a maiores.

Ademais, a Administración autonómica asinaba recentemente outro acordo co Consello da Avogacía Galega no que se establecía un incremento medio do 8% das compensacións económicas destinadas aos colexios de avogados e procuradores pola actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta. O acordo tamén incluía a incorporación de novos conceptos retributivos para acadar unha mellora tanto cuantitativa como cualitativa.

Grazas a este compromiso, Galicia sitúase actualmente entre as primeiras Comunidades de España no referente ás cantidades indemnizatorias aos letrados da quenda de oficio.

A XUNTA ACTIVARÁ EN 2018 O SERVIZO PREMIUM DE ATENCIÓN REMOTA E PRESENCIAL ÁS FAMILIAS, ALUMNADO E PROFESORADO NO LIBRO DIXITAL

- *Ofrecerá soporte en liña e telefónico ás 24 horas dos 365 días do ano, e asistencia no centro educativo ou no domicilio e puntos de atención físicos*
- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación deste servizo, unha das melloras previstas na extensión do libro dixital*
- *En decembro comezaráse a distribuír os 14.600 portátiles para renovar o equipamento do alumnado e profesores dos 154 centros que traballan coa plataforma de aprendizaxe virtual*
- *Entre xullo e novembro a porcentaxe de centros públicos dispoñen de 100Mbps incrementouse do 46% preto do 76%*

A Xunta de Galicia activará en 2018 un servizo de soporte premium para as familias, alumnado e profesores dos 154 centros educativos que empregan o libro dixital, tras adherirse á iniciativa E-Dixgal do Proxecto Abalar. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación deste servizo que ofrecerá tres tipos de asistencia: remota (telefónica en liña); in situ, con desprazamento ao lugar da incidencia; e a través de puntos físicos de atención.

Os máis de 1.000 profesores, 12.000 alumnos e as súas familias disporán o ano que vén dunha única vía de atención para todas as cuestións relacionados co uso do libro dixital (a través de varias canles (telefónica, correo electrónico, web, app no móbil, ...), dispoñible as 24 horas do día os 7 días da semana. Desde este punto, atenderanse todas as dúbidas, consultas e incidencias que poidan ter os usuarios, resolvéndolas de xeito remoto, se é posible, ou activando os servizos presenciais para que estas se resolvan onde se atope o usuario se non fose posible resolvela remotamente.

O novo servizo premium recolle, como novidade, que o soporte se preste no domicilio da familia ou profesor para aquelas incidencias que requiran una atención presencial.

Outra das opcións que se prevén para o servizo, é a dispoñibilidade dunha rede de puntos físicos de atención, abertos en horario comercial, nos cales os alumnos e as súas familias poidan resolver consultas, dúbidas ou incidencias sobre os ordenadores ou o uso das plataformas e servizos dispoñibles.

O valor estimado do contrato, incluíndo posibles modificacións e prórrogas, é de 5,6 millóns de euros. A implantación do Soporte Premium é unha das medidas do paquete de melloras previstas na extensión da educación integramente dixital que está a impulsar o Goberno galego, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Amtega.

Novo equipamento, máis contidos e mellora da conectividade

En decembro iniciárase a distribución progresiva aos 154 centros de máis de 14.600 portátiles para o alumnado (táctiles e convertibles en tableta) e 2.000 para o profesorado, cos cales se renovará o equipamento do que dispoñen actualmente.

Respecto aos contidos, en 2018 a editorial Planeta incorporárase como terceiro proveedor de contidos curriculares dixitais para as materias de 5º de primaria a 2º da ESO, sumándose aos actuais, Netex e Edebé. Está en fase de licitación o centro de produción de contidos educativos dixitais, que facilitará aos docentes novas ferramentas e mecanismos para que poidan incorporar á plataforma contidos innovadores. Tamén está en proceso de licitación o contrato do proveedor de contidos en inglés.

A mellora das infraestruturas de telecomunicación é outro dos aspectos clave na Estratexia de innovación educativa. Neste momento, o 94% dos centros que empregan o libro dixital teñen conexións cun mínimo de 100Mbps. En total, máis de 825 centros públicos, preto do 76% do total dispoñen de velocidades deste velocidade, que en 2018 chegará ao 100%, dos centros educativos públicos de primaria e secundaria. Entre xullo e novembro a porcentaxe de centros públicos dispoñen de 100Mbps incrementouse do 46% preto do 76%.

Plan de formación dixital

Outra das medidas é o desenvolvemento dun plan continuo de formación dixital a docentes. Entre setembro e novembro impartíronse máis de 20 cursos nos cales 430 profesores recibiron formación sobre cuestións técnicas e metodolóxicas relativas sobre a educación dixital.

Investimento

O goberno galego investirá un total de 27 millóns de euros no curso 2017-2018 no desenvolvemento de todas estas liñas de actuación para consolidar a educación integramente dixital en Galicia.

Edudixital 2020

Cómpre resaltar que estas accións se enmarcan na Estratexia galega para a educación dixital 2020, Edudixital, presentada no Consello da Xunta o pasado mes de setembro. O plan nace con dous obxectivos principais. En primeiro lugar, busca lograr que todo o alumnado de ensino obrigatorio teña formación en robótica e programación no curso 2020/21 co fin de que, ao finalizar os estudos, acade un nivel adecuado de competencia dixital e científico-tecnolóxica. Por outro lado, tamén se pretende romper coa fenda de xénero nos estudos STEM.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE JEALSA EN BOIRO, O QUE PERMITIRÁ A CREACIÓN DE 200 EMPREGOS

- ***Aprobado o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, a empresa ten previsto investir 20 millóns de euros***
- ***A iniciativa posibilita a construción de dúas edificacións e reserva preto de 2000 metros cadrados para equipamentos públicos***
- ***A Administración galega demostra o seu compromiso co tecido industrial galego e o seu apoio aos empresarios***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de ampliación das instalacións de Jealsa Rianxeira en Boiro (A Coruña), o que permitirá a creación de 200 empregos na comarca do Barbanza.

Tras a declaración en maio de 2015, por parte do Consello, da incidencia supramunicipal deste proxecto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, encargouse da tramitación desta iniciativa que permite a ordenación do espazo contiguo ás instalacións de Jealsa Rianxeira para a súa ampliación e mellora.

O proxecto sectorial, que queda integrado por 42.500 metros cadrados, permitirá a construción de dúas edificacións, co cal se alcanzarán os 18.000 metros cadrados de superficie cuberta e reservará preto de 2.000 metros cadrados para o establecemento de equipamentos públicos (que se poderán destinar á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos ou outros que se consideren necesarios). As determinacións contidas neste proxecto vincularán o planeamento do Concello de Boiro que terá que adaptarse a elas.

A empresa investirá 20 millóns de euros nesta actuación para a que contará con 12 meses para a urbanización da plataforma inferior e 48 meses para a superior -ambas desde a aprobación deste proxecto sectorial que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas- e outros 24 meses desde a terminación das obras anteriores. Os traballos de edificación iniciaranse tres meses despois de rematar cada unha das fases de urbanización.

Coa posta en marcha deste proxecto o Goberno galego volve mostrar o seu compromiso tanto co tecido industrial galego, apoiando os empresarios que precisan expandir os seus negocios na Comunidade, como coas iniciativas que apostan pola mellora da empregabilidade en Galicia, xa que se estima que grazas á ampliación de Jealsa Rianxeira se poidan crear ao redor de 200 postos de traballo na comarca do Barbanza.

A XUNTA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE 56 PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN A TRAVÉS DE EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

- *O programa, ao cal a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará en 2018 preto de 400.000 euros, inclúe como novidade incentivos adicionais do 25% cando as persoas contratadas sexan mulleres, maiores de 45 anos ou a compañía estea situada no rural*
- *A convocatoria de axudas segue a mesma liña deste ano cando se introduciron diversas novidades atendendo ás principais demandas do sector, como os apoios para a formación con ata 3000 euros ou a ampliación da duración máxima dos contratos e o aumento no custo das axudas á asistencia técnica*
- *O emprego inclusivo é unha prioridade para o Goberno galego que en 2018 dedicará preto de 14 millóns de euros para seguir impulsando os centros especiais de emprego e a integración laboral na empresa*

O Goberno galego convocará nas próximas semanas as axudas para o próximo ano destinadas á contratación de persoas en risco de exclusión social en empresas de inserción laboral. Para iso, dedicará preto de 400.000 euros cos que prevé a contratación de 56 desempregados a través de 11 compañías.

A actuación, da que se informa hoxe no Consello da Xunta, continúa a liña fixada este ano cando se introduciron novidades no programa, atendendo as principais demandas do sector. Deste xeito, nesta nova edición volverase ampliar a duración máxima dos contratos de inserción, ata tres anos; o custo das axudas á asistencia técnica (realización de auditorías contables, sociais ou certificacións de calidade) será do 80%; apoiarase outra vez a formación de persoas en proceso de inserción cun máximo de ata 3000 euros; e financiarase ao 100% o custo dos gastos de inicio e posta en marcha da actividade ata o límite máximo de 12.000 euros por empresa de inserción laboral.

Ademais, en 2018, cando a persoa contratada sexa unha muller, teña máis de 45 anos ou se a empresa está situada nun concello rural, incluíranse incentivos adicionais do 25% nas axudas previstas neste programa para a contratación de xerentes, persoas técnicas de produción e técnicas de orientación, así como na creación de novos postos de traballo para persoas en inserción con apoios que poderán chegar aos 21.000 euros.

A Xunta con este programa, ademais, poderá financiar o 100% do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa en proceso de inserción contratada. Financiarase tamén a realización de accións de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario, dando prioridade á contratación indefinida.

As axudas van dirixidas non só ás empresas de inserción laboral, que defenden os intereses das persoas en situación de risco de exclusión, senón tamén a entidades sen ánimo de lucro e fundacións, aínda que os destinatarios finais destas axudas son as persoas desempregadas en risco de exclusión.

Para ser beneficiarios destes apoios da Xunta, cada empresa deberá ter unha porcentaxe de persoas en inserción do 30% respecto do total do cadro de persoal, aplicar o 100% dos resultados ou excedentes dispoñibles en cada exercicio á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción ou a programas de inserción laboral das entidades promotoras e non se apoiarán as contratacións inferiores ao 50% da xornada laboral nin por debaixo dos 6 meses.

Esta iniciativa está enmarcada na Axenda 20 para o Emprego a través da cal o Goberno galego está impulsando o emprego inclusivo. Esta aposta da Xunta reflíctese no apoio que está dando aos colectivos máis vulnerables e con máis dificultades para acceder ao emprego, como as persoas con discapacidade, primando este ano a creación de postos de traballo dos que máis o necesitan cunha maior intensidade de axuda, dun 25% máis. Con respecto ao eido das persoas con capacidades diversas, os orzamentos de 2018 destinan preto de 14 millóns de euros para seguir reforzando os centros especiais de emprego e o traballo na empresa.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DESTINA 682.500 EUROS Á LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- ***O departamento educativo da Xunta de Galicia achegará 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias para que esta se faga cargo destas tarefas en 36 centros públicos integrados de toda a xeografía galega***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a limpeza de 36 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega. En total, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará 682.500 euros a este fin, a mesma cantidade que en anos anteriores. Como é habitual, será a Fegamp a que se encargue da contratación.

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

CULTURA AMPLIARÁ O CONVENIO CO INSTITUTO PADRE SARMIENTO PARA A INVESTIGACIÓN SOBRE HISTORIA E PATRIMONIO

- ***O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao incremento do orzamento do acordo ata os 152.000 euros***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ampliará o convenio establecido en 2016 co Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) para afondar nos estudos sobre a época medieval, así como sobre as novas categorías introducidas pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, tales como a paisaxe cultural e o territorio histórico.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda a este acordo, polo que se estenderá a súa vixencia ata 2019 e se ampliará o seu orzamento ata os 152.000 euros. Os obxectivos son favorecer o desenvolvemento da nova lexislación autonómica en materia de patrimonio cultural e reforzar o traballo que o departamento de Cultura da Xunta de Galicia está a preparar para a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da humanidade. O IEGPS ten como obxectivos a análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia e dos galegos desde o medievo ata a actualidade

Este acordo continúa a liña de colaboración establecida co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, formando parte do convenio marco asinado en 2012 entre a Xunta e o CSIC. Ademais, ao abeiro do acordo asinado o ano pasado, esta entidade está a desenvolver traballos de investigación para a Consellería en materia de inscricións epigráficas, representacións heráldicas, monumentos funerarios e arquitectura militar e de pazos; así como para afondar no coñecemento do variado conxunto de bens patrimoniais (capelas, fortalezas, igrexas, mosteiros, pazos, pontes,...).

CULTURA INVISTE 108.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS CULTURAIS DE SALVATERRA DE MIÑO

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para o acondicionamento do edificio que albergará a casa da cultura, da música e o espazo formativo do concello*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 108.000 euros no acondicionamento do edificio que albergará a casa da cultura, da música e o espazo formativo de Salvaterra de Miño. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Salvaterra de Miño para a realización destas actuacións, que teñen como fin dotar esta localidade pontevedresa duns espazos moi demandados, tanto pola necesidade de locais para desenvolver unha programación cultural estable e de calidade, como pola alta poboación infantil do municipio.

Ao abeiro do dito convenio, o departamento de Cultura do Goberno galego comprométese a financiar con 108.000 euros estas obras, que correrán a cargo do Concello. Tras o acondicionamento do edificio, o Concello ten previsto impartir clases de música e danza, organizar concertos, charlas e demais eventos culturais nestes espazos, así como empregalos como lugar de ensaio da Banda de Música de Salvaterra de Miño e da súa escola de música, que contan con preto de 230 membros e que na actualidade carecen de instalacións.

Esta actuación enmárcase dentro das iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia a prol da defensa e da promoción dos valores culturais e da protección, conservación e difusión do patrimonio. Así mesmo, garántese que os concellos dispoñan dunha axeitada infraestrutura sociocultural para a súa utilización e desfrute por parte da cidadanía.

Mellora das instalacións culturais

Mediante convenios de colaboración, a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, renovou durante o ano 2016 as instalacións e equipamento do Edificio de Usos Múltiples de Teixeiro, no concello de Curtis, e acometeu o acondicionamento do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira, no concello de Silleda. Recentemente, o pasado mes de setembro, o Consello da Xunta de Galicia tamén autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería e o concello de Noia para a rehabilitación do Casino, por importe de 100.000 euros, o que permitirá levar a cabo no inmovible unha actividade cultural estable. Ademais, no mes de outubro o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio do concello de Vilanova de Arousa para a reforma da Casa de Cultura, o que suporá un investimento de 100.000 euros.

Co mesmo fin de mellorar as condicións da rede de equipamentos municipais nos que se veñen programando actividades culturais, a Xunta promove unha liña de axudas para que os concellos e as súas entidades públicas poidan realizar nestas infraestruturas investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, sistemas de prevención e seguridade e novas tecnoloxías, así como accións de mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. A contía da convocatoria de axudas deste ano ascendeu a 500.000 euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE CARNOTA, CARIÑO E SAN CIBRAO DAS VIÑAS

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación dos centros de saúde de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, e de Carnota, na provincia da Coruña. Tamén autorizou a aceptación do cambio de titularidade a favor do Sergas da concesión administrativa que o concello de Cariño ten sobre a parcela en que está situado o centro de saúde.

Para o último trimestre do ano 2017, a estimación do custo de mantemento do centro de saúde de San Cibrao das Viñas realizada pola Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras foi de 4.000 euros. O centro ten unha superficie total construída de 160 m².

No caso do centro de saúde de Carnota, que ten unha superficie total construída de 418 m², os custos de mantemento do centro para os últimos tres meses do ano 2017 foron estimados pola Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza en 5.631,44 €.

E no caso do centro de saúde de Cariño, cunha superficie útil construída de 1.265 m², os custos de mantemento do centro para os últimos tres meses do ano 2017, foron estimados pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol en 9624,74 €.

Cesións voluntarias

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios nos cales se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento deste". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA E O INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES LUÍS CONCHEIRO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio de colaboración para o ano que vén, polo que a Vicepresidencia achegará un total de 200.000 euros*
- *O ano pasado no marco deste convenio realizáronse 988 informes periciais, para os que analizaron 1.944 mostras e fixéronse 9.720 analíticas*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) e o Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro, que se incrementa en máis dun 17 por cento para o ano que vén, acadando os 200.000 euros.

A colaboración consiste principalmente na realización por parte do instituto universitario de probas de investigación de paternidade derivadas de expedientes xudiciais acollidos ao beneficio da xustiza gratuíta, así como a realización de análises biolóxicas, clínicas, de toxicoloxía e criminalística solicitadas xudicialmente ou polos médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

O ano pasado no marco deste convenio realizáronse 988 informes periciais, para os cales analizaron 1.944 mostras e fixéronse 9.720 analíticas. Ademais, tamén realizaron 78 probas de paternidade e 38 análises de criminalística.

O Luís Concheiro é un instituto de carácter mixto, creado a raíz dun convenio entre a USC e Consellería de Presidencia no ano 1992. Actualmente está dirixido pola catedrática de Medicina Legal Victoria Lareu e conta con preto de 50 traballadores, entre profesores, bolseiros e persoal de laboratorio.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE INTERINOS PARA COBERTURA DE POSTOS DE HABILITACIÓN NACIONAL

- ***O Goberno galego dá resposta así ás demandas do concellos que precisaban cubrir as prazas vacantes de tesoureiros, interventores e secretarios***

O Consello da Xunta aproba a Orde que establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para desempeñar postos de habilitación nacional para os concellos galegos que o precisen, cubrindo así as prazas vacantes de tesoureiros, interventores e secretarios municipais.

No seo da Comisión Galega de Cooperación Local, estudouse a problemática actual dos concellos para cubrir as prazas de interventores, tesoureiros e secretarios, todos de habilitación nacional, polo que mediante esta orde se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para cubrir estas vacantes, mentres non se cubran de xeito definitivo ou mediante nomeamento provisional, comisión de servizos ou acumulación.

Coa creación das listas de interinos, o obxectivo do Goberno galego é permitir ás entidades locais cubrir as vacantes de funcionarios de habilitación de carácter nacional de forma áxil e eficaz, sen ter que soportar o custo económico que supón a realización dun proceso selectivo para cubrir cada unha das vacantes que se produzan e con respecto absoluto á súa autonomía local. As entidades locais galegas poden solicitar voluntariamente a cobertura destes postos polo sistema que se prevé nesta orde cando non sexa posible a súa provisión de xeito definitivo ou mediante nomeamento provisional, comisión de servizos ou acumulación.

Requisitos

Constituirase unha única bolsa de ámbito autonómico para cada Secretaría-intervención, secretaría e intervención-tesourería, categoría de entrada. As persoas candidatas poderán solicitar a inclusión en cada unha das tres bolsas e deberán optar por unha zona de preferencia. As zonas de preferencia son: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

Como requisitos xerais, os solicitantes deben ter a nacionalidade española xa que o Real decreto 543/2001, que recolle o principio de acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados en condicións de igualdade cos españois, exige para o acceso ás subescalas de secretaría, intervención- tesourería, e secretaría- intervención, da escala de Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ter a nacionalidade española.

En canto á titulación exixida, cómpre acreditar estar en posesión, ou estar en condicións de obtela titulación académica exixida para o acceso á correspondente subescala de acordo co previsto no artigo 22 do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Ademais, deben ter superado unha proba tipo tests sobre o temario que se determina, acreditar o coñecemento da lingua galega co nivel Celga 4 ou equivalente e superar un curso de formación.

O persoal que solicite a súa inclusión nas listas de interinos terá que facelo utilizando de forma exclusiva os medios electrónicos, e tras a aprobación das listas definitivas, os integrantes terán que realizar un curso de formación en liña nas seis semanas seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DARÁ APOIO TÉCNICO AOS CONCELLOS PARA IDENTIFICAR AS INFRAESTRUTURAS HÍDRICAS QUE PERMITAN REFORZAR OS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO

- *Medio Ambiente prestará asesoramento ás administracións locais de menos de 20.000 habitantes para que poidan contar cun plan de seca en caso de emerxencia*
- *Solicitará dos concellos de máis de 20.000 que os seus plans de emerxencia contén cun apartado da seca, tal e como indica o Plan Nacional Hidrolóxico 2001*
- *Tamén se pedirá aos municipios actuacións para reducir as perdas nas súas redes de abastecemento e se solicitará ao Estado unha postura proactiva para coordinar actuacións que pallen a situación actual*
- *Igualmente, proporase aos concellos que destinen o 100 por cento da recadación obtida pola prestación do servizo de auga ao mantemento e renovación das infraestruturas*

A Xunta apoiará os concellos de menos de 20.000 habitantes na identificación de infraestruturas que pallen a situación de seca actual e que permitan reforzar as redes de abastecemento ante a posibilidade de que esta situación de carestía hídrica deixe de ser excepcional.

Esta é unha das medidas abordada hoxe no Consello da Xunta nun informe da Consellería de medio ambiente sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade autónoma. Nese sentido, e co fin de protexer os recursos hídricos existentes con carácter inmediato, reiterarase ás administracións competentes en materia de abastecemento actuacións para reducir as perdas nas súas redes e solicitarase ao Estado que tome unha postura proactiva. Isto farase xa nos próximos días coincidindo co Consello Nacional da Auga, que está convocado para o vindeiro 14 de decembro.

Tamén, desde a Xunta de Galicia, demandarase aos concellos con xestores de auga que os fondos recadados pola prestación do servizo de abastecemento se destine integramente á explotación, ao mantemento e á renovación das infraestruturas.

Igualmente, a Xunta seguirá traballando na concienciación de todos os galegos, de todas as súas institucións e de todas as empresas sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga. Ademais, porá en marcha a actualización do Plan da Auga 2010-2020 coa identificación e priorización de infraestruturas estratéxicas para a adaptación á Estratexia Galega de Cambio Climático.

Medidas comúns e específicas

A consellería de Medio Ambiente deu conta hoxe das medidas adoptadas pola Administración autonómica e que xa se están a desenvolver nos sistemas declarados en alerta da Demarcación Galicia-Costa. Neste senso, cómpre lembrar que o pasado

mes de outubro, o Goberno galego activou, a alerta por seca nos sistemas 1, 2, 7, 8, 11 e 12 ao detectarse unha serie de indicadores de caudal fluínte nos ríos fóra da situación de normalidade, o que implicou que estes caudais, nalgúns puntos, fosen inferiores á media histórica para o mes correspondente.

Así, co fin de facer fronte a esta situación de carestía, a Xunta activou unha serie de medidas comúns a todos os sistemas, que consistiron en:

- a celebración de xuntanzas periódicas cun total de 51 concellos convocados en 10 encontros realizados na Coruña, Vigo, Pontevedra e Santiago
- a apertura dunha canle de comunicación continua entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, as Confederación Hidrográficas e a Fegamp para coordinar medidas como as modificacións de estruturas tarifarias ou a redución de consumos municipais non esenciais
- acordo coas entidades locais afectadas para a diminución do consumo nun 10 por cento
- intensificación da periodicidade do seguimento da situación (semanal)
- axilización das autorizacións das captacións alternativas que sexan necesarias
- control intensivo da calidade nos encoros de abastecemento
- chamamentos reiterados a reducir o consumo de auga

Ademais das medidas adoptadas de forma xenérica a todos os sistemas afectados pola seca, o Goberno galego activou outros mecanismos para a protección dos recursos hídricos en determinados puntos, como, por exemplo, no caso de Vigo, o estudo das alternativas para a execución de obras de emerxencia encamiñadas ao reforzo do sistema de abastecemento de Eiras desde o Río Verdugo. Así mesmo autorizouse o axuste de caudal do río Oitavén augas abaixo da presa de Eiras ao valor mínimo entre caudal circulante polo río augas arriba do encoro e o caudal ecolóxico do río en situación de seca.

En relación aos sistemas 11 e 12 (Bacías do río Mero e outros ríos que desembocan na ría de Coruña e do río Mandeo e outros ríos que desembocan na ría de Betanzos), cómpre sinalar que, Augas de Galicia tramitará a solicitude de Emalcsa para a utilización do lago artificial das Encrobas para reforzar os recursos do encorno de abastecemento de Cecebre.

No que respecto ao sistema 3 (Bacía do río Lérez e ría de Pontevedra), onde se activou a alerta por seca o pasado 3 de novembro, tamén se adoptaron medidas específicas como o acordo coa empresa Ence para reducir a concesión de auga que actualmente ten outorgada polo organismo de conca á metade do caudal concedido.

Por último, nos sistemas 7 e 8 (Bacía do Río Castro, Xallas e Cee), cómpre indicar que os recursos existentes nos encoros hidroeléctricos da bacía do Xallas que son reserva estratéxica para o abastecemento de todos os concellos afectados, descártanse polo momento medidas complementarias ás adoptadas xa polos concellos.

MÁIS DE 4.000 DESEMPREGADOS BENEFICIARANSE DOS 52 PROGRAMAS INTEGRADOS QUE ACTIVA A XUNTA E NOS QUE POR PRIMEIRA VEZ SE INCLÚEN ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA MULLERES

- *A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa que se atenderán 985 persoas máis que na pasada edición, céntrase en incrementar as oportunidades laborais a través da especialización e a posta en marcha de medidas que combinan orientación e asesoramento con formación e prácticas*
- *O Goberno galego investirá 9,5 millóns de euros nestes programas, que se desenvolverán en 25 concellos e 27 entidades sen ánimo de lucro*
- *Na concesión das axudas primáronse aqueles proxectos nos que se implica o tecido empresarial da zona e, deste xeito, téñense en conta as necesidades en materia laboral de cada comarca*
- *Enmárcanse na Axenda 20 coa que o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo*

A Xunta porá en marcha nas próximas semanas 52 programas integrados de emprego nos cales investirá 9,5 millóns de euros, un 40% máis que na pasada edición, para incrementar as oportunidades laborais de 4.420 persoas sen emprego, 985 máis que na convocatoria anterior.

A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe por primeira vez a reserva dunha porcentaxe do orzamento para o desenvolvemento de plans específicos para as mulleres. En concreto, destínanse dous millóns de euros a esta actuación que permite activar unha das medidas do plan Emprega en feminino, a folla de ruta do Goberno galego para impulsar a inserción das mulleres no mercado de traballo. En concreto, 765 mulleres participarán en plans específicos para elas.

As axudas, de cuxa resolución se informa hoxe no Consello da Xunta, van destinadas a concellos e entidades sen ánimo de lucro. Deste xeito, dos 52 plans, un total de 25 terán lugar en concellos e os 27 restantes en entidades sen ánimo de lucro. Como novidade este ano, a Xunta tamén primou a aqueles proxectos nos que está implicado o tecido empresarial de cada zona co obxectivo de que os programas se centren nas demandas laborais de cada comarca.

Os programas integrados de emprego, que teñen un ano de duración, están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral dun mínimo do 30% dos seus participantes, é dicir, máis de 1.300. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza -como información, orientación, asesoramento e formación- combinadas con prácticas laborais.

A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o traballo estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos empregos.

O Goberno galego, a través desta folla de ruta, vén activando ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas como son os cursos de formación, os obradoiros, as lanzadeiras de emprego ou a iniciativa Formación á porta para cualificar 500 mozos e mozas en 30 concellos do rural.

Con este tipo de actuacións, o Goberno galego contribúe a mellorar as cifras do desemprego en Galicia, que no último mes se reduciu nun 6,55% con respecto a hai un ano, en 13.037 persoas, crescendo a contratación indefinida nun 19,87% -máis do dobre que a temporal- e medrando tamén a contratación a tempo completo nun 9,32%.

A XUNTA DESTINA 8,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A PROMOCIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE INCLUSIÓN SOCIAL NA COMUNIDADE GALEGA

- ***A Consellería de Política Social incrementa novamente o orzamento destinado a esta convocatoria que será, un ano máis, plurianual e da cal beneficiarán 122 entidades de iniciativa social, un 11% máis que no período 2016-2017***
- ***Ao abeiro desta orde, desenvolveranse 520 actuacións destinadas a cubrir as necesidades básicas dos centros de inclusión, ao desenvolvemento de proxectos de innovación ou complementarios dos servizos sociais comunitarios básicos e para a mellora ou construción de centros de inclusión e emerxencia social***

A Consellería de Política Social deu conta no Consello da Xunta celebrado esta mañá da resolución da orde de axudas ás entidades de iniciativa social para o fomento de actuacións en materia de inclusión social para os anos 2017-2018. Unha convocatoria que este ano chegará a máis xente e para a cal o Goberno autonómico destinará 8.345.308 euros, un 25% máis respecto da convocatoria anterior. Nomeadamente, 122 entidades de iniciativa social de toda Galicia, un 11% máis que na anterior convocatoria, recibirán unha axuda ao abeiro desta orde para o desenvolvemento dos 520 proxectos seleccionados.

A orde de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social comprende catro liñas de actuación. A primeira dirixida a cubrir necesidades básicas (aloxamento e manutención) nos centros de inclusión e emerxencia social da Comunidade galega, así como actuacións dirixidas a complementar, ampliar ou innovar os programas e servizos sociais comunitarios básicos. A segunda liña permite sufragar accións encamiñadas a facilitar a inclusión social e a permanencia no mercado laboral daqueles colectivos en situación ou risco de exclusión social. Nomeadamente, daquelas persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia (Risga) ou membros da súa unidade de convivencia; as derivadas pola rede de equipos de inclusión sociolaboral e, en xeral, as afectadas polos factores de exclusión social establecidos na Lei de inclusión social de Galicia. No que respecta ao terceiro eixo de actuación, este vai destinado á poboación inmigrante. E por último, a orde establece por segundo ano consecutivo, unha liña para subvencionar o investimento nos centros de inclusión e emerxencia social, tanto a construción, ampliación, reforma e mellora destas infraestruturas, como a adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, de vehículos ou de aplicacións informáticas relacionadas coa actividade do centro. No caso da primeira liña de achegas, conta co cofinanciamento dos fondos Feder nun 80%, mentres que a segunda e a terceira están cofinanciadas coa mesma porcentaxe con fondos FSE. En canto ao período subvencionable, este esténdese desde o 1 de abril de 2017 ao 30 de xuño de 2018.

Cómpre destacar a concesión de 520 axudas, un 15´5% máis con respecto da convocatoria anterior, que se repartirán algo máis de 8´3 millóns de euros, un 25,30% máis que para o período 2016-2017. En definitiva, con esta nova convocatoria, a Xunta de Galicia incrementa, un ano máis a achega destinada ás entidades que traballan en prol da inclusión social daqueles colectivos máis vulnerables ao tempo que colabora no mantemento da totalidade dos centros de inclusión social autorizados en Galicia.

Estratexia para a inclusión social 2014-2020 e Axenda social

Galicia conta cunha Estratexia para a inclusión social 2014-2020 que ten entre as súas prioridades o impulso a aqueles programas e actividades que fomenten a inclusión sociolaboral das persoas usuarias dos servizos sociais. Para elo, conta cunha liña de axudas destinadas ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas e situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento e apoio preciso para a súa participación nos proxectos de inclusión sociolaboral.

Precisamente no marco desta estratexia, a Xunta de Galicia asinaba en xuño de 2016 a Axenda social, un marco de reforzo das vías de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema de servizos sociais para ofertar novos e mellores recursos e así conseguir atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou en risco de pobreza e/ou exclusión. No desenvolvemento das medidas comprendidas neste documento están implicados os concellos a través da Fegamp, e as entidades de iniciativa social representadas na Rede galega de loita contra a pobreza e a exclusión social (EAPN- Galicia), ademais da Xunta de Galicia.

Así mesmo, e froito do compromiso da Xunta de Galicia coa inclusión social, os orzamentos para o exercicio 2018 volven medrar un ano máis ata alcanzar os 115,2 millóns de euros, un 8% máis que a partida reservada en 2017, o que sitúa o crecemento acumulado desta área no último trienio no 35%.